

Convocado por resolución da Xerencia do 01 de abril de 2025 a provisión, mediante o procedemento de comisión de servizos, o posto de responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Xeografía e Historia, tendo en conta que a causa deu lugar á oferta non se corresponde con ningún dos supostos establecidos no artigo 96 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia para a provisión temporal dun posto mediante comisión de servizos voluntaria, o xerente no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril) resolve,

- Desistir da oferta de provisión do posto de responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Xeografía e Historia.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo citado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/04/2025 11:55:46.

CSV: E853-28C8-4DE4-A06A